

Obradoiro: CONTABILIDADE PARA O EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

[En colaboración con: Concello de Sada - Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	1, 3, 6 e 8 de abril de 2020	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	9:30 -14:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	En Sada. Pendente de confirmar (informarse con antelación ao alumnado do lugar de celebración)		
PERSONA DE CONTACTO	Luisa Celis Sanmiguel (AEDL Concello de Sada)	teléfono	881 929 057
		e-mail	aedl@concellodesada.com

PARA INSCRIBIRSE [prema aquí](#)

OBXECTIVOS

- Mostrar desde o punto de vista práctico que é e para que serve a contabilidade nun proxecto cooperativo.
- Coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa cooperativa para a toma de decisións.
- Capacitar as persoas emprendedoras para empregar ferramentas contables de xeito previsional.
- Interpretar os principais estados financeiros e coñecer ferramentas e recursos de apoio na xestión contable.

PROGRAMA

Módulo 1.- A contabilidade: definición, utilidade, normativa xeral e específica
Módulo 2.- O ciclo e os procesos contables. Principais estados económico-financieros
Módulo 3.- A contabilidade de custos e a determinación dos prezos
Módulo 4.- A contabilidade previsional e a toma de decisións. Ferramentas e recursos

CONTIDOS

1º sesión.- Presentación de Espazocoop e da Rede Eusumo. A contabilidade: Que é? Para que serve? Quen está obrigada/o a levala?. Principal normativa que a regula. Plan Contable PEMES e orden EHA/3360/2010
2º sesión.- O proceso e ciclo contable. A operativa contable: masas patrimoniais, asentos, contas, libros. Os principais estados económico-financieros. Análise de balances e contas de perdas e gaños. Exercicios e dinámicas.
3º sesión.- A contabilidade analítica ou de custos. Custos fixos e variables, custos directos e indirectos, cálculo do punto morto. A importancia da contabilidade de custos na determinación dos prezos.
4º sesión.- A contabilidade previsional como ferramenta para a toma de decisións: contas de resultados previsionais e tesourería previsional. Ferramentas e recursos para apoio nos procesos contables: manuais, formación, ferramentas e software de contabilidade.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Proponemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións .A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

Persoas socias e asalariadas de cooperativas, e persoas con ideas empresariais para ser desenvolvidas de xeito cooperativo preferentemente. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.



Esta actividade enmárcase na Programación da Rede Eusumo 2020. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.